

NOTA DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA PARA AS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS "BOLSAS DE EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR"

ANO 2026

1.- ENTRADA EN ESPAÑA

Antes de emprender a súa viaxe revise a documentación persoal que lle vai ser solicitada para entrar en España, deben utilizar documentación identificativa **española** (pasaporte español en vigor ou DNI español).

- **Cidadáns procedentes de países da Unión Europea, Espazo Económico Europeo e Suíza:** poden acceder con pasaporte ou DNI español en vigor.
- **Cidadáns procedentes doutros países:** o ingreso debe ser, en todo caso, co pasaporte español en vigor.

2. TRÁMITES PREVIOS Á SAÍDA DO SEU PAÍS DE RESIDENCIA

Antes da súa saída do país de residencia é aconsellable que realice unha serie de trámites no seu país de residencia. Estes trámites facilitarán o seu establecemento en Galicia, así como o acceso a diferentes programas de axuda dirixidos as persoas emigrantes retornadas.

Polo tanto, **previamente ao seu retorno** é recomendable que se dirixa tanto ao Consulado de España <https://www.exteriores.gob.es/es/EmbajadasConsulados/Paginas/index.aspx>, como á Consellería de Traballo, Migracións e Seguridade Social ou á Consellería de Educación dependente da Embaixada española <https://www.inclusion.gob.es/el-ministerio/el-ministerio-en-el-mundo>. Nestes organismos poderá obter información adaptada ás súas circunstancias persoais.

En todo caso, en termos xerais e antes do seu retorno, é recomendable que realice os seguintes trámites:

1. **Baixa consular** – Antes do seu retorno debe solicitar a baixa no Rexistro de Matrícula Consular. Este documento facilitaralle realizar certos trámites en España, ademais de permitirlle acreditar a totalidade do tempo residido no estranxeiro.
2. **Pasaporte español** – Debe asegurarse de que o seu pasaporte español está en vigor. En caso contrario ou se non dispón del, deberá dirixirse á Oficina Consular onde estea rexistrado como residente para a súa solicitude.
3. **Obtención de documentos acreditativos da actividade laboral** - Para acceder a diversas prestacións dirixidas as persoas emigrantes retornadas, deberá acreditar a actividade laboral que realizou no estranxeiro ostentando a nacionalidade española, xa sexa por conta propia ou por conta allea. É recomendable que se a persoa bolseira cotizou nos países de procedencia no sistema da seguridade social como persoa traballadora, por conta propia ou por conta allea, solicite unha

certificación de cotizacións realizadas ou cando menos traia consigo a súa Clave Fiscal. Desesta forma poderá activar os dereitos que lle poderían corresponder como persoa emigrante retornada desde Galicia.

Así, recoméndase que traia:

- Persoas traballadoras por conta allea: Contratos de traballo, follas salariais ou nóminas, certificados de afiliación e/o cotización ao sistema da Seguridade Social, certificados de empresas onde figure o tempo traballado, permisos de traballo/residencia do país onde traballou...
- Persoas traballadoras por conta propia ou autónomas: Documentación xustificativa do período e natureza da actividade realizada, certificados de afiliación e/o cotización ao Réxime de Seguridade Social como autónomo, certificados das autoridades que aprobasen o exercicio da actividade, certificados acreditativos do pago de impostos polo exercicio da actividade e/o por traballo persoal, permisos de traballo e residencia do país onde traballou...

Debe ter en conta que todos os documentos laborais ou da Seguridade Social deberán adverarse/legalizarse/apostilarse en canto ao seu contido pola Consellería de Traballo, Migracións e Seguridade Social da Embaixada de España para acreditar el período de cotización (a efectos de poder solicitar el Subsidio de Emigrante Retornado:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/prestaciones-desempleo/subsidio-desempleo/subsidio-de-emigrante-retornado>

Pode obter máis información na páxina web da Consellería de Traballo, Migracións e Seguridade Social:

<https://www.mites.gob.es/es/mundo/index.htm>

4. **Homologación ou convalidación de estudos** - No caso de que realizase os seus estudos no estranxeiro, é posible que deba realizar algún trámite para a súa homologación ou convalidación, polo que é conveniente traer todos os títulos e analíticos de cursos e notas orixinais legalizados e/ou apostillados, tanto os non universitarios, que se homologan na Xunta de Galicia, unha vez estea a residir aquí, <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/16186>, como os universitarios <https://www.ciencia.gob.es/Universidades/validate.html>, https://www.ciencia.gob.es/Universidades/validate/como_reconocer.html para a súa homologación ou equivalencia online no Ministerio de Universidades.
5. **Certificación literal de nacemento** – Este documento será necesario posteriormente para a expedición por primeira vez do DNI español. Debe saber que só serán admitidas as certificacións expedidas cunha antelación máxima de seis meses á data de presentación da solicitude do DNI, debendo levar unha anotación por parte do Rexistro Civil que a expide, onde indique "aos sós efectos da obtención do DNI".

Esta certificación expídease o Rexistro Civil do Consulado de España correspondente, ao que se deberá dirixir.

É IMPORTANTE QUE TEÑA EN CONTA QUE TODA A DOCUMENTACIÓN QUE NON SE EXPEDISE EN ESPAÑA OU POLO CONSULADO ESPAÑOL DEBE VIR EN VIGOR, LEGALIZADA E APOSTILADA PARA QUE TEÑA VALIDEZ LEGAL EN ESPAÑA.

3.- TRÁMITES QUE DEBEN REALIZAR UNHA VEZ CHEGADOS A GALICIA (ESPAÑA)

Posteriormente, á súa chegada a Galicia, tamén será necesario realizar unha serie de trámites para establecer a súa residencia. Así, entre outros, deberá:

1. Documento Nacional de Identidade (DNI)

É obrigatorio para todas as persoas españolas maiores de 14 anos e debe estar en vigor. Polo tanto, se non dispón de DNI, está caducado ou os datos que figuran no mesmo non están actualizados, deberá solicitalo unha vez se atope en España.

A obtención por primeira vez ou a renovación do Documento Nacional de Identidade (DNI) só pode realizarse en España mediante comparecencia persoal do interesado en calquera dos equipos de expedición da Policía Nacional.

Para ser atendido, a condición de que se teña DNI, deberase obter cita previa a través do sistema establecido para o efecto na web:

<https://www.citapreviadnie.es/citaPreviaDni/>

No caso de non ter DNI o interesado deberá presentarse persoalmente nunha oficina de expedición coa documentación necesaria para a expedición en cada caso (obtención por primeira vez ou renovación). Para a primeira obtención do DNI é imprescindible que acheguen o Certificado literal de nacemento que indique Expresamente "PARA OBTENCIÓN DE DNI".

Pode ampliar esta información na seguinte ligazón:

https://www.dnielectronico.es/PortalDNIe/PRF1_Cons02.action?pag=REF_250&id_menu7

2. Empadramento

Toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no padrón do concello onde estableza a súa residencia; ademais, o empadramento é un requisito para solicitar diversas axudas públicas a favor das persoas emigrantes retornadas. Polo tanto, unha vez en España deberá dirixirse ao seu concello e empadroarse, para o que deberá achegar documentación acreditativa tanto da súa identidade (pasaporte, DNI...) como da súa residencia no devandito municipio (contrato de alugamento ou escritura de propiedade da vivenda, contrato de luz, autorización de familiar ou similares).

É recomendable xestionar con anterioridade á súa chegada a procura de vivenda para xa dispoñer da mesma cando chegue. Teña en conta que non vai poder empadroarse en hoteis, hostais ou en apartamentos/vivendas turísticos.

3. Inscripción como demandante de emprego

É conveniente que unha vez en Galicia se inscriba como demandante de emprego, a fin de facilitar a súa inserción laboral, así como para poder beneficiarse de determinadas prestacións sociais, como podería ser o subsidio de desemprego para emigrantes retornados. Para iso deberá dirixirse ao Servizo Público de Emprego de Galicia: <https://emplego.xunta.gal/portal/es/>

4. Certificado de emigrante retornado

Este certificado acredita, entre outras cuestións: a súa condición de emigrante retornado, a data do retorno, o tempo traballado no estranxeiro... Expídese nas Áreas de Traballo e Inmigración da Delegación ou Subdelegación do Goberno da súa provincia de residencia e permite o acceso a diversas prestacións, como pode ser o subsidio de desemprego para emigrantes retornados. Para a súa tramitación é imprescindible que acredite entre outras cuestións: a súa identidade, a data de retorno a España, así como os períodos de traballo no estranxeiro ostentando a nacionalidade española.

5. Troco do permiso de condución

Troco do permiso de condución ou renovación do permiso de conducir español caducado – O troco só é posible se existe convenio entre España e o país que expediu o seu permiso, en caso contrario deberá obter o permiso español. Na seguinte ligazón á Dirección Xeral de Tráfico poderá comprobar se existe convenio co seu país de procedencia, así como os pasos a seguir para realizar este trámite:

<https://sede.dgt.gob.es/es/permisos-de-conducir/canjes-de-permisos/>

Deberá traer o seu permiso de conducir en vigor (e con marxe de vixencia) para poder solicitar o troco unha vez se atope en España. No caso de que o permiso de conducir se expedise en Arxentina, tamén deberá solicitar o certificado de autenticidade e antigüidade do seu permiso de conducir. Este documento débese solicitar na Arxentina na municipalidade na que obtivo o carné de conducir e logo apostilalo.

Doutra banda, debe saber que se vostede ten un permiso de conducir español que caducase durante a súa residencia no estranxeiro, en determinadas condicións é posible solicitar unha prórroga. Para iso deberá dirixirse á Xefatura Territorial da D.G.T. que corresponda ao seu domicilio: <https://sede.dgt.gob.es/es/otros-tramites/cita-previa-jefaturas/index.shtml>

4. ASISTENCIA SANITARIA

É necesario ter cobertura sanitaria desde o primeiro momento que chegue a España e durante toda a súa estancia no noso país. Para iso ten as seguintes opcións:

4.1 Asistencia sanitaria **provisional** en Galicia

Pode solicitar, **sempre que non causase baixa no rexistro de matrícula consular**, a tarxeta de Saúde Exterior da Xunta de Galicia, que en caso de non posuír outro seguro privado cubrialle a asistencia sanitaria por un período **máximo de 3 meses**, mentres non tramita un seguro definitivo. Pode facelo a través da ligazón:

<http://www.sergas.es/Tarxeta-sanitaria/Galicia-sa%3%bade-exterior>

4.2 Asistencia Sanitaria definitiva en Galicia:

4.2.1 Asistencia Sanitaria polo Sistema Nacional de Saúde, á que se pode acoller toda persoa bolseira

Para solicitar la asistencia sanitaria da Seguridade Social Española deberá acudir a un Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS): http://www.seg-social.es/Internet_1/Oficinas/Listado/index.htm?loc=5&Org=I&Cod_Centro=5 coa seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade español en vigor
- Certificado de empadramento no municipio onde vai residir en Galicia

Co certificado acreditativo do dereito á asistencia sanitaria que lle entregarán no CAISS debe dirixirse ao Centro de Saúde máis próximo ao seu domicilio https://extranet.sergas.es/sixsanweb/sixsan_web/mapa.aspx?Idioma=es para solicitar a tarxeta sanitaria, aportando:

- Documento de dereito a asistencia sanitaria emitido polo INSS
- Certificado de empadramento
- DNI

4.2.2 Cidadáns procedentes de países da Unión Europea, Espazo Económico Europeo e Suíza:

Sempre que non traslade a súa residencia habitual a Galicia pode obter no organismo correspondente do seu país de procedencia a Tarxeta Sanitaria Europea <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?langId=es&catId=559>

4.3 Seguro Médico Privado

Se non se dá de alta en ningún dos sistemas da Seguridade Social Pública debe contratar un seguro médico privado.

5. APERTURA/DISPOÑIBILIDADE DE CONTA CORRENTE BANCARIA

Para o aboamento do importe da Bolsa que lle corresponde a persoa bolseira debe abrir ou dispoñer dunha conta bancaria en España na cal figure como titular.

A apertura da conta poderá facela:

- Desde o seu país de residencia: sempre que haxa unha sucursal dunha entidade bancaria española (e non en todos os casos)
- En Galicia: en todo caso

6. GASTOS PARA OS QUE ESTÁ DESTINADO O IMPORTE DA BOLSA

O importe da bolsa ten como finalidade atender os seguintes gastos, dos cales se debe responsabilizar a persoa bolseira:

- Gastos de preinscrición, administrativos e de matrícula na Universidade
- Viaxe desde o seu país de procedencia
- Aloxamento e manutención en Galicia
- Subscrición do Seguro Médico, se non é beneficiario/a da Seguridade Social Pública

7. ABOAMENTO DA BECA

O aboamento da bolsa realizarase en 2 ou 3 prazos en función do número de créditos do mestrado, segundo se indica a continuación:

Créditos ECTS	Nº Cursos	Dotación EUROPA	ABOAMENTO	Dotación RESTO PAÍSES	ABOAMENTO	DATA LÍMITE ENVÍO DOCUMENTACIÓN *
60 – 72	1	8.000 €	1º prazo: 6.000 €	8.500€	1º prazo: 6.000 €	31/10/2026
			2º prazo: 2.000 €		2º prazo: 2.500 €	30/04/2027
90	1,5	11.750 €	1º prazo: 6.000 €	12.500€	1º prazo: 6.000 €	31/10/2027
			2º prazo: 2.000 €		2º prazo: 2.500 €	30/04/2027
			3º prazo: 3.750 €		3º prazo: 4.000 €	31/10/2027

***É importante que a persoa bolseira envíe a documentación xustificativa antes desta data para poder aboarlle o importe da bolsa de cada período. Os aboamentos iranse realizando a medida que a persoa bolseira envíe a documentación.**

7.1. Aboamento do primeiro importe da bolsa.

Realizarase unha vez publicada a Resolución de Concesión da Bolsa, e a medida que a persoa bolseira **envíe a través da plataforma de tramitación a documentación que se relaciona:**

- Xustificación de ter realizado a viaxe con posterioridade á data de presentación da solicitude: poderase xustificar, segundo os casos, con billetes aéreos, tarxetas de embarque, recibos de aboamento de autoestrada, entre outros.
- Certificado de titularidade bancaria ou outro documento bancario acreditativo dunha conta aberta en España na que figure como titular
- Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal ou autonómica, así como coa Seguridade Social, e declaración de que non ten concedidas outras axudas ou bolsas financiadas con fondos públicos.
- **Documento emitido pola Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno que acredite a condición de persoa usuaria da dita oficina.**
<https://emigracion.xunta.gal/es/actividade/retorna/oficinas>

Data fin prazo para presentar esta documentación: **31 de outubro de 2026**

7.2. Aboamento do segundo importe da bolsa:

O aboamento do segundo importe da bolsa realizarase unha vez que **as persoas bolseiras** incorporen á plataforma de tramitación a seguinte documentación:

- O resultado das cualificacións obtidas no primeiro cuadrimestre, no que debe acreditarse que superaron o 60% dos créditos, só no caso de que a persoa bolseira se opoña á consulta deste dato.
- No caso de que o mestrado non teña cualificacións cuadrimestrais, e que só as teña ao final do curso, achegarase un informe satisfactorio do coordinador/a en relación á súa evolución e rendemento neste primeiro cuadrimestre.
- Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal ou autonómica, así como coa Seguridade Social, e declaración de que non ten concedidas outras axudas ou bolsas financiadas con fondos públicos.

Data fin prazo para presentar esta documentación: 30 de abril de 2027

7.3. Abono do terceiro importe da bolsa para mestrados de 90 créditos:

O abono do terceiro importe da bolsa realizarase unha vez que **as persoas bolseiras** incorporen á plataforma de tramitación a seguinte documentación:

- Xustificante que acredite a realización da matrícula no mestrado para os créditos do curso 2027/28, só no caso de que a persoa bolseira se opoña á consulta deste dato.
- Expediente académico coas cualificacións obtidas no primeiro curso do mestrado, en que se debe acreditar que se superaron o 80 % dos créditos cursados, só no caso de que a persoa bolseira se opoña á consulta deste dato.
- Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social, e declaración de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos para o cal se poderá utilizar o modelo do anexo VII.

Fecha fin prazo para presentar esta documentación: 31 de outubro de 2027

Para calquera aclaración poden contactar coa Secretaría Xeral da Emigración a través do correo: beme.master.emigracion@xunta.es